



Proxecto de Educación Ambiental CAMBIO CLIMÁTICO

O Clima e o Tempo



Moitas veces confúndense os significados de clima e tempo atmosférico.

O clima

Promedio dos estados do tempo nunha rexión durante un período máis ou menos amplo

“En Galicia chove e as temperaturas son suaves...”

O tempo atmosférico

Estado da atmosfera nun intre determinado

“...pero mañá vai haber sol e irá calor”


3°C son moi importantes

EN VALENCIA



Temperatura media anual
17,2 °C
Precipitación media anual
459,9 mm

NA CORUÑA



Temperatura media anual
14,3 °C
Precipitación media anual
992,3 mm

A temperatura e as precipitacións son dous elementos máis influentes no clima. Na Coruña, a temperatura media é case 3°C inferior que en Valencia, e chove máis do dobre ao longo do ano. As especies naturais, como a fígueira chumba ou o carballo das fotografías, dependen do clima.



CO₂, Temperatura e Vida

As especies animais e vexetais teñen adaptado o seu aspecto e comportamentos aos diferentes climas



A Tundra

Clima de Tundra
Ventos polares fríos e secos. As temperaturas chegan aos -20°C e poucas veces pasan de 0°C.

BAPOSO POLAR



A Taiga

Clima de Taiga
Durante seis meses apenas se pasa dos 0°C. Caracterízase polos bosques de coníferas

OSO Pardo



A Sabana

Clima tropical
Unha estación seca e outra húmida. Tanto os animais como os vexetais teñense adaptado para sobrevivir ás secas.

ELEFANTE



O Deserto

Clima tropical ou subtropical seco
Chubidas escasas e calor todo o ano. Entre o día e a noite pode haber unha diferenza de 30°C.

CORRIAS




A Selva

Clima ecuatorial
Non hai estacións e, durante todo o ano, a temperatura mantense en torno aos 25°C con moi pouca diferenza entre o día e a noite. As chubidas son moi abundantes.

TUCANO



O CO₂ é un gas de efecto invernadoiro que retén parte da enerxía que a superficie do planeta emite tras recibir a radiación solar



A alta presenza de CO₂ na atmosfera de Venus mantén unha temperatura constante entre o día e a noite porque unha gran cantidade de radiación infravermella é devolta cara a superficie. Non obstante, Mercurio non retén a calor porque carece de atmosfera. A pesar de ser o planeta máis achegado ao Sol, pola noite está a 200 graos baixo cero.

RESPONDE:

É o mesmo tempo que clima?

O dióxido de carbono é máis para a vida?

Unha diferenza de 3°C na temperatura media, ten importancia para a vida?

